

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 18 DE MAIO DE 2015**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 18 de maio de 2015

HORA DE COMEZO: 13:40 h.

HORA DE REMATE: 14:25 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente),, D. Pío Millán Blanco, D. Rafael Soliño Costas, D^a M^a Lucía Lede Fernández e D. Jesús Manuel Graña Graña.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 13, 20 E 27 DE ABRIL DE 2015

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 13 de abril de 2015, e así mesmo, deixar pendente de mellor estudo as actas das sesións realizadas os días 20 e 27 de abril de 2015.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 14 DE MAIO DE 2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura

Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 25.482.- A José Manuel González Barreiro e Elena Rodríguez González, para en Praza do Arco 5 - Cangas, rehabilitar a edificación existente en 52,80 m² de planta baixa e 56,05 de orneuri abdar e ampliála en 40,00 m² de semisito e 50,05 de aproveitamento baixo cuberta, de conformidade co proxecto básico do arquitecto Teodoro de Francisco Antes de abril de 2.015 e a que antes do inicio das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, o cumprimemnto dos arts. 47 e 38 do PEPRI e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza.

2.A.2) DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DOS SEGUINTEs EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 12.173.- DECLARACION DE CADUCIDADE DA LICENZA MUNICIPAL Nº 13.306.- Transcurrido sobradamente o prazo de execución das obras amparadas na referida licenza e despois do tramite de audiencia ó interesado, notificado mediante publicación no BOPnº 67 de 10 de abril de 2,015 e no taboleiro do Concello de Ferrol, sen que' presentara alegación ningunha, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Declarar a caducidade da licenza urbanística nº 13.306 concedida a favor de JOSE ANTONIO PAZOS LAMEIRO e a extinción dos seus efectos por incumprimento do prazo inicio das obras estipulado.

SEGUNDO.- Advertir que unha vez notificada a declaración de caducidade da licenza, para comezar ou terminar os actos de uso do solo para os que foi concedida, será preciso solicitar e obter unha nova licenza urbanística. En tanto a mesma non sexa obtida, non poderán realizarse máis obras que as estritamente necesarias para garantir a seguridade das persoas e os bens, e o valor do xa realizado, previa autorización ou orde do Concello.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado aos efectos oportuno e dar traslado da mesmo ó Servicio de Inspección Urbanística a fin de que se adopten as medidas necesarias para garantir a seguridade das personas e os bens e en relación cas actuaciónes no amparadas por Licenza.

EXPEDIENTE Nº 22.157.- DECLARACION DE CADUCIDADE £)A LICENZA MUNICIPAL Nº 21.867.- Transcurrido sobradamente o prazo de execución das

obras amparadas na referida licenza e despois do tramite de audiencia ó interesado, notificado mediante publicación no BOP nº 75 de 22 de abril de 2.015 e no taboleiro do Concello de Pontearreas, sen que presentara alegación ningunha, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Declarar a caducidade da licenza urbanística nº 21.867 concedida a favor de NEMORIS PROMOCIONES INMOBILIARIAS e a extinción dos seus efectos por incumprimento do prazo inicio das obras estipulado.

SEGUNDO.- Advertir que unha vez notificada a declaración de caducidade da licenza, para comezar ou terminar os actos de uso do solo para os que foi concedida, será preciso solicitar e obter unha nova licenza urbanística. En tanto a mesma non sexa obtida, non poderán realizarse máis obras que as estritamente necesarias para garantir a seguridade das persoas e os bens, e o valor do xa realizado, previa autorización ou orde do Concello.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado aos efectos oportuno e dar traslado da mesmo ó Servicio de Inspección Urbanística a fin de que se adopten as medidas necesarias para garantir a seguridade das personas e os bens e en relación cas actuaciónes no amparadas por Licenza.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

EXPEDIENTE Nº 25.430.- Carmen Gallego Entenza, reparación de fachadas en Areamilla 13 - Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.434.- Maria Amparo, Cabaleiro Martinez, substitución portal en Camiño de Limens 77 - Hio. EXPEDIENTE Nº 25.448.- Juana Costas Baqueiro, cambio tella de caseta en Fontenva 57 - Hio.

EXPEDIENTE Nº 25.468.- GAS GALICIA SDG S.A., canalización en Derribo 7 - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.281.- Marta Lemos Jorge, tense por desistida da súa solicitude o non cumprimentar o requerimento de data 20 de novembro de 2.014.

ACTIVIDADES

EXPEDIENTE Nº 1.831.- LOVELY C.B., tenda de roupa en Eugenio Sequeiros 20 - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.795.- María del Carmen Figueira Rodríguez, tense por desistida da súa solicitude por estar o local alugado a outra persoa.

4º .- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

4.A) PROPOSTA DO INSTRUCTOR S/ EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 16/2014-S

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 7.5.15, referente ao expediente de infracción urbanística nº 16/2014-S, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

EXPEDIENTE Nº 16/2014-S

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Vilanova-O Hío, consistentes en: realizar unha edificación de planta baixa de superficie aproximada de 40 m²., con uso de galiñeiro, arrimado a lindeiro. Así mesmo, se está a realizar un muro de cerramento frontal de 3 metros do eixo do camino.

Resultando que o día 4 de maio de 2015, a inspección de obras informa que: 'presentado no lugar compróbase que o cerramento que se está a realizar se axusta á comunicación previa nº 25305, e que a parte da caseta a demoler foi demolida.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, José Ramón Otero Gutiérrez, promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia pode tipificarse en principio como grave, segundo o sinala o artigo 217.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 220.l.b) da referida Lei 9/02, indicándolle ao infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación, se lle reducirá esta nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de disciplina, así como, na Lei 30/92, do 26 de novembro, do Réxime xurídico das administracións públicas e do Procedemento administrativo común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.d. 1398/93, do 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que

teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.d. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime local.

Visto o Decreto da Alcaldía do día 16 de xuño de 2011, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello, Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou seren recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.d. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación do día 16 de xuño de 2011.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.d. 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que por efectuar por si mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como, a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.d. 1398/93.

OITAVO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime máis conveniente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 16/2014-S.

SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

5º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

5.A) PROPOSTA S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 14.5.15, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"Con relación ao Servizo Municipal de Axuda no Fogar (SAF), achégase proposta correspondente para:

** CONCESIÓN DE SAF pola quenda de dependencia:*

- *36008/01/002711 - 43389.*
- *36008/01/000451 - 35068.*
- *36008/01/002711 - 43389.*

** SUSPENSIÓN temporal do SAF de M. Ríos González, beneficiaria pola quenda de dependencia con expediente nº 36008/01/000610-PO/0011749.*

** BAIXA DO SAF de R. Novoa Sierra, beneficiaria pola quenda de dependencia con expediente nº 36008/01/000099-PO/16444.*

** MODIFICACIÓN-AMPLIACIÓN SAF de M.R.A., beneficiaria pola quenda de dependencia con expediente 36008/02//000997-46425."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

5.B) PROPOSTA S/RESOLUCIÓN DE ALTAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 14.5.15, relativa ás altas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, dos seguintes expedientes:

- 36008/01/000217 - 39042, a través da quenda de dependencia.
- 36008/01/002699 , a través da quenda de libre concorrencia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 14.5.15, relativa ás altas descritas anteriormente do Servizo Municipal de Axuda no Fogar.

6º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

6.A) PROPOSTA S/CONCESIÓN DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL

Dáse conta de proposta do día 14.5.15 da concelleira de sanidade, servizos sociais e muller, referente á concesión de axuda de emerxencia social, que di o seguinte:

"Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por M. Martínez Figueroa, e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propoñe a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de CENTO DEZASEIS EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (116,73 €) a M. Martínez Figueroa."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, visto o informe da traballadora social, acorda conceder unha exención total polo importe dos dous recibos da Escola de Música Municipal a M. Martínez Figueroa.

6.B) PROPOSTA S/CONCESIÓN DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL

Dáse conta de proposta do día 14.5.15 da concelleira de sanidade, servizos sociais e muller, referente á concesión de axuda de emerxencia social, que di o seguinte:

"Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por F. B. L. González, con NIE X 05477920X e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propoñe a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de SEISCENTOS TRINTA E NOVE EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS (639,70 €) a F. B. L. González."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de sanidade, servizos sociais e muller, referente á concesión de axuda de emerxencia social.

7º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS, MULLER E EDUCACIÓN S/APROBACIÓN DE AXUDAS DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

Dáse conta de proposta do día 14.5.15 da concelleira de sanidade, servizos sociais, muller e educación, referente a aprobación de axudas do servizo de comedor escolar destinado a alumnos/as de educación infantil-2ª etapa e de educación primaria dos CEIP de Cangas, do Hío, de Espiñeira e da Rúa, para o curso 2014-2015, que é como segue:

"PROPOSTA DE APROBACIÓN DE AXUDAS DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR, CURSO 2014/2015.

Dolores Gallego Santos, Conelleira de sanidade, servizos sociais, muller e Educación do Ilmo. Concello de Cangas, PROPÓN:

Á Xunta de Goberno Local a aprobación das axudas do servizo de comedor escolar destinado a alumnos/as de educación infantil-2ª etapa, e de educación primaria do CEIP de Cangas, CEIP do Hío, CEIP de ESPÍÑEIRA e CEIP da Rúa, para o curso 2014-2015.

<i>Nº REXIS- TRO</i>	<i>APELIDOS, NOME SOLICITANT E</i>	<i>APELIDOS, NOME USUARIO/A COMEDOR</i>	<i>CENTRO DOCEN- TE CEIP</i>	<i>PRAZA</i>	<i>BONIFICA- -CION</i>	<i>IMPORTE AXUDA PROPOS- TA</i>	<i>RESOLU- -CION</i>	<i>MOTI- VO</i>
	<i>Fernández Rodríguez, Ma José</i>	<i>Millán Fernández, Pablo</i>	<i>NAZARE T</i>	<i>FIXA</i>	<i>100%</i>	<i>57,96%</i>	<i>CONCE- -DIDA."</i>	

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da da concelleira de sanidade, servizos sociais e muller, referente a aprobación de axudas do servizo de comedor escolar destinado a alumnos/as de educación infantil-2ª etapa e de educación primaria dos CEIP de Cangas, do Hío, de Espiñeira e da Rúa, para o curso 2014-2015. __

CONTRATACIÓN

8º.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA S/ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA "PAVIMENTACIÓNS EN PINTÉNS E MENDUÍÑA"

DECRETO DA ALCALDIA

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato de obra "Pavimentacións en Pinténs e Menduiña".

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a Mesa de Contratación como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil Construcciones, Obras e Vías, S.A con CIF n.º A36008886 por resultar esta a oferta economicamente máis vantaxosa das achegadas.

Visto que esta empresa achegou en tempo e forma a documentación que se lle requiriu (entrada n.º 6104 do día 6.05.2015) relativa á xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que así mesmo, constituíu garantía definitiva por importe de 4.365,45 € en forma aval bancario.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, ACORDO:

Primeiro.- Avocar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno Local aos únicos efectos de adxudicar o presente contrato.

Segundo.- Adxudicar á empresa Construcciones, Obras e Vías, S.A. con CIF n.º A36008886 o contrato de obra "PAVIMENTACIÓNS EN PINTÉNS E MENDUIÑA" por importe de 105.643,89 € (21% de IVE incluído) coas seguintes especificacións da súa oferta:

- Melloras ofertadas:
o 250 m2 de firme aglomerado quente Tipo D-12 5 cm
- Prazo de execución: 70 días naturais
- Ampliación do prazo de garantía: 12 meses a maiores dos 12 que recolle o proxecto,
polo que esta obra terá un prazo total de garantía de 24 meses.

Terceiro.- Dispoñer en contía de 105.643,89 €, o gasto que para este Concello representa a devandita contratación con cargo á aplicación 453.619 do estado de gastos do vixente orzamento municipal.

Cuarto.- Notificar a Construcciones, Obras e Vías, S.A. a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura do mesmo.

Quinto.- Nomear á arquitecta municipal dona María Isabel Medraño Fariña directora facultativa da obra e coordinadora de seguridade e saúde.

Sexto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto Refundido da LCSP, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Sétimo.- Dar traslado deste Decreto aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico así como á directora de obra, e dar conta do mesmo á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre ós efectos da súa ratificación.

Cangas, 6 de maio de 2015

9º.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "ADAPTACIÓN CONSULTORIO (ACCESIBILIDADE) USO VECIÑAL PRIMEIRO ANDAR (O IGREXARIO-CANGAS)"

DECRETO DA ALCALDIA

Vista a Providencia da Alcaldía de data 9.04.2015 pola que se inicia o expediente administrativo para a adxudicación do contrato de obra "ADAPTACIÓN CONSULTORIO (ACCESIBILIDADE) USO VECIÑAL PRIMEIRO ANDAR (IGRESARIO-CANGAS)" cuxo proxecto foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9.03.2015.

Visto que polo departamento de Apoio Xurídico se redactaron os oportunos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán esta licitación.

Por todo o que antecede, no uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, RESOLVO

Primeiro.- Avocar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno Local aos únicos efectos de aprobar este expediente de contratación.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación da obra "ADAPTACIÓN CONSULTORIO (ACCESIBILIDADE) USO VECINAL PRIMEIRO ANDAR (IGRESARIO-CANGAS)", xunto aos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán o procedemento de licitación e que constan anexos a este acordo.

Terceiro.- Autorizar polo importe de 68.487,63 € o gasto que para este Concello representa esta contratación, con cargo á aplicación orzamentaria 312.622 do vixente orzamento municipal aprobado para o exercicio 2015.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento negociado sen publicidade, debendo invitar a polo menos tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato.

Quinto.- Dar traslado deste Decreto aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención, e dar conta do mesmo á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre a efectos da súa ratificación.

10º.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "BEIRARRÚAS VILARIÑO-O IGLESARIO PO-561004"

DECRETO DA ALCALDIA

Vista a Providencia da Alcaldía de data 9.04.2015 pola que se inicia o expediente administrativo para a adxudicación do contrato de obra "BEIRARRÚAS VILARIÑO - IGLESARIO PO-561004" cuxo proxecto foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9.03.2015.

Visto que polo departamento de Apoio Xurídico se redactaron os oportunos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán esta licitación.

Por todo o que antecede, no uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno Local aos únicos efectos de aprobar este expediente de contratación.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación da obra "BEIRARRÚAS VILARIÑO - IGLESARIO PO-561004", xunto aos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán o procedemento de licitación e que constan anexos a este acordo.

Terceiro.- Autorizar polo importe de 72.217,16 € o gasto que para este Concello representa esta contratación, con cargo á aplicación orzamentaria 453.619 do vixente orzamento municipal aprobado para o exercicio 2015.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento negociado sen publicidade, debendo invitar a polo menos tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato.

Quinto.- Dar traslado deste Decreto aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención, e dar conta do mesmo á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre a efectos da súa ratificación.

Cangas, 16 de abril de 2015

11º.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO PARA O XIMNASIO DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL DO CONCELLO DE CANGAS

DECRETO DA ALCALDIA

Vista a Providencia da Alcaldía de data 18.03.2014 pola que se inicia o expediente administrativo para a adxudicación do contrato de subministración de equipamento para o ximnasio da piscina cuberta municipal do Concello de Cangas.

Visto que polo departamento de Apoio Xurídico se redactaron os oportunos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán esta licitación.

Por todo o exposto, de acordo coas facultades que a legislación vixente me confire, RESOLVO

Primeiro.- Avocar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno Local ós únicos efectos de aprobar este expediente de contratación.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación para a subministración de equipamento para o ximnasio da piscina cuberta municipal do Concello de Cangas, xunto co prego único de cláusulas administrativas particulares e de prescrición técnicas que rexerán o procedemento de licitación e que constan anexos a este acordo.

Terceiro.- Autorizar, polo importe de 50.739,20 €, o gasto que para este Concello representa esta contratación, con cargo á aplicación orzamentaria 151.62500 do vixente orzamento municipal aprobado para o exercicio 2015.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento negociado sen publicidade, debendo invitar a polo menos tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato.

Quinto.- Dar traslado deste Decreto aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención, e dar conta do mesmo á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre ós efectos da súa ratificación.

Cangas, 9 de abril de 2015

12º.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "PAVIMENTACIÓNS CONCELLO CANGAS"

DECRETO DA ALCALDIA

Vista a Providencia da Alcaldía de data 9.04.2015 pola que se inicia o expediente administrativo para a adxudicación do contrato de obra "PAVIMENTACIÓNS CONCELLO CANGAS" cuxo proxecto foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9.03.2015.

Visto que polo departamento de Apoio Xurídico se redactaron os oportunos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán esta licitación.

Por todo o que antecede, no uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, RESOLVO

Primeiro.- Avocar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno Local aos únicos efectos de aprobar este expediente de contratación.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación da obra "PAVIMENTACIÓNS CONCELLO CANGAS", xunto aos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán o procedemento de licitación e que constan anexos a este acordo.

Terceiro.- Autorizar polo Importe de 118.712,66 € o gasto que para este Concello representa esta contratación, con cargo á aplicación orzamentaria 453.619 do vixente orzamento municipal aprobado para o exercicio 2015.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento negociado sen publicidade, debendo invitar a polo menos tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato.

Quinto.- Dar traslado deste Decreto aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención, e dar conta do mesmo á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre a efectos da súa ratificación.

Cangas, 16 de abril de 2015

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

13º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS

13.A.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
CARLOS PIÑEIRO MENDUÍÑA	San Lorenzo, nº 4-Vilanova-O Hío. <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u>
MOISÉS COSTAS NOVAS	A Guardia, nº 14-Cangas. <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u>
YOLANDA ROUCO MARIÑAS	A Devesa, nº 15-Coiro. <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u>

13.A.2) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
CARLOS MARTÍNEZ GARCÍA	Estrada a Bueu, nº 40-Piñeiro-Aldán. Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 750, concedido en X.G.L. do día 29.7.09 ao interesado. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

JAVIER RODRÍGUEZ PIÑEIRO	<p>O Espírito Santo, nº 78-Coiro.</p> <p>Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 770, concedido en X.G.L. do día 27.1.10 a José Tenorio Cosque.</p> <p>Autorízase, así mesmo, o cambio de titular do referido sinal que figuraba a nome de José Tenorio Cosque, a favor da súa filla, M^a Isabel Tenorio Rodríguez.</p> <p>Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.</p>
--------------------------	---

13.A.3) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE

Vista a solicitude presentada o día 24.4.15 por CENTRAL DE EFECTOS NAVALES CANGAS, S.L., na que demanda a reposición de sinal de pasaxe permanente, que se indica de seguido:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
CENTRAL DE EFECTOS NAVALES CANGAS, S.L.	Arrecife, 8-Cangas.

Examinados os informes contraditorios emitidos pola Policía Local, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda remitir o presente acordo ao Departamento da Policía Local para a emisión dun novo informe aclaratorio da solicitude presentada.

13.B) SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN DE CARGA E DESCARGA EN RÚA ARRECIFE

Vista a solicitude presentada o día 23.4.15 por CENTRAL DE EFECTOS NAVALES CANGAS, S.L., na que demanda a sinalización de zona de carga e descarga en Rúa Arrecife, 8-Cangas, diante do local comercial.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda autorizar a sinalización de zona de carga e descarga en Rúa Arrecife, 8-Cangas.

13.C) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/ELEVACIÓN PASO DE PEÓNS NA AVDA. DE VIGO COA RÚA ENSEÑANZA

Examinada a solicitude presentada o día 28.4.15 por BERNARDO ALONSO ÁLVAREZ, na que demanda a instalación dun paso elevado de peóns na Avda. de Vigo coa Rúa Enseñanza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe favorable emitido o 15.5.15 ao respecto pola Policía Local, acorda:

PRIMEIRO.- Remitir o presente acordo, achegado da solicitude do Sr. Alonso Álvarez, á Consellería de Infraestruturas da Xunta de Galicia, por ter este organismo competencias nesa estrada da Avenida de Vigo.

13.D) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/AMPLIACIÓN DE LIÑA AMARELA EN RÚA ANTONIO SOAGE JALDA

Vista a solicitude presentada o día 27.4.15 por BALTASAR LUIS CARABELOS CASTRO, na que demanda a ampliación de metros liñais do pintado de liña amarela correspondente á sinalización de pasaxe permanente en Rúa Antonio Soage Jalda, 4-Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda deixar pendente, a sinalización solicitada polo Sr. Carabelos Castro, para cando rematen as obras que se están a realizar na zona.

13.E) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/PRIORIDADE DE PASO EN COIRO

Vista a solicitude presentada o día 27.4.15 por JOSÉ MALVIDO CARIDE, na que demanda sinalización de prioridade de paso na zona que vai desde o Barrio das Flores ata as pistas de atletismo.

Examinado o informe emitido o día 30.4.15 pola Policía Local, no que se indica o seguinte:

"Nº REX: 625/2015

Con relación á solicitude presentada por José Malvido Caride, e tendo en conta a sinalización horizontal (marcas viais) existentes, o mais axeitado sería dar prioridade de paso aos vehículos que circulan en dirección ás instalacións deportivas en detrimento dos vehículos que baixan polo camiño que vén da Avda. da Coruña (Barrio das Flores)."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda comunicar a JOSÉ MALVIDO CARIDE, que xa está en trámite a súa solicitude de sinalización de prioridade de paso na zona que vai desde o Barrio das Flores ata as pistas de atletismo.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

14º.- INFORMES DE TESOURERÍA S/SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

14.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

SOLICITANTE/S	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
JOSE MANUEL FERNÁNDEZ IGLESIAS MARÍA CORDEIRO COYA	FIANZA	1.000,00 €	KIOSCO-2009
FRANCISCO POUSADA PIÑEIRO, S.L.	AVAL	1.962,62 €	LICENZA Nº 21.217
LUCÍA POCEIRO SOLIÑO	FIANZA	965,09 €	LICENZA Nº 24.137
DAVID ALFAYA MASSÓ	FIANZA	942,00 €	EXPEDIENTE DE OBRAS Nº 21.750

15º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

15.A) DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA Nº 72/2015 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA

Dase conta de sentenza nº 72/2015 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, recaída no procedemento abreviado nº 176/2014, promovido por Beatriz Santomé Chapela, que indica o seguinte:

* Desestima o recurso contencioso-administrativo presentado polo procurador, Pedro Antonio López López, contra a resolución da Alcaldía do Concello de Cangas do 26/02/2014, polo que se declara a improcedencia da declaración de incursión en situación de fóra de ordenación á edificación sita en Camino de Viñó, 45, en procedemento iniciado a instancia de Beatriz Santomé Chapela, ao abeiro da Disposición Transitoria Terceira da Lei 2/2010.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº 72/2015 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, recaída no procedemento abreviado nº 176/2014, promovido por Beatriz Santomé Chapela.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento Urbanismo.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA S/ADXUDICACIÓN AO CONCELLO DE CANGAS DE EQUIPAMENTO PARA A POLICÍA LOCAL

Dáse conta de publicación no DOG do 12.5.15 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de Resolución do 7 de maio de 2015, pola que se resolveu a adxudicación ao Concello de Cangas do seguinte equipamento para o corpo da Policía Local:

* Motocicleta tipo trail.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aceptar a adxudicación ao Concello de Cangas de motocicleta referida para o Corpo da Policía Local, segundo a Resolución do 7 de maio de 2015 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

B) DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA S/ADXUDICACIÓN AO CONCELLO DE CANGAS DE EQUIPAMENTO DE EMERXENCIAS PARA A POLICÍA LOCAL

Dáse conta de publicación no DOG do 12.5.15 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de Resolución do 7 de maio de 2015, pola que se resolveu a adxudicación ao Concello de Cangas do seguinte equipamento de emerxencias para o corpo da Policía Local:

* Todoterreo tipo pick up.

* Remolque con toldo presurizado.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aceptar a adxudicación ao Concello de Cangas de equipamento de emerxencias referido para o Corpo da Policía Local, segundo a Resolución do 7 de maio de 2015 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

C) PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, PRAIAS, MAR E MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO S/AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE QUIOSCOS EN TERREOS PRIVADOS DE ZONAS DE SERVIDUME DURANTE A TEMPADA DE VERÁN-2015

Dáse conta de proposta do día 18.5.15 do concelleiro de medio ambiente, praias, mar e Mancomunidade de Concellos do Morrazo, referente a concesión de licenzas de apertura para instalación de quioscos en terreos privados de zonas de servidume durante a tempada de verán do ano que andamos, que é como segue:

"O Concelleiro de medio ambiente, praias, mar e Mancomunidade de Concellos do Morrazo, D. Jesús Graña Graña, propón á Xunta de Goberno Local, para a súa aprobación, o seguinte:

- *Primeiro.- Concesión de licenza de apertura para instalación de quiosco desmontable en terreo privado, en zona de servidume, durante a tempada de verán-2015, autorizado administrativamente pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Cumprindo coas condicións do anexo.*

- *Segundo.- Dar traslado do presente acordo aos interesados e aos departamentos de Intervención, Xestión de Ingresos e Estatística.*

1.- MARIA MIRIAN SOTO BERNÁRDEZ, para a instalación de un quiosco de 9,60 m2., no lugar de Praia de RODEIRA-Cangas.

2.- MARTA LEMOS JORGE, para a instalación de un quiosco de 18,00 m2., no lugar de Praia de RODEIRA-Cangas.

3.- ROSA PIÑEIRO RIAL, para a instalación de un quiosco de 20,00 m2., no lugar de Praia de SANTA MARTA-Cangas."

A N E X O:

"As licenzas outorgadas estarán sometidas ás seguintes CONDICIÓNs:

1º.- Previamente á instalación deberase proceder ao pagamento das taxas que por concesión de licenza temporal lle sexan liquidadas pola Intervención Municipal.

2º.- O horario de apertura será de 10.00 horas atas as 22.00 horas.

3º.- Queda prohibida calquera tipo de ambientación musical.

4º.- Deberá depositar o lixo e desperdicios no colector do lixo mais próximo, debendo habilitar, a súa costa, un colector no caso de que os de propiedade municipal resulten insuficientes. O abandono da limpeza ou aspecto degradado na instalación será causa suficiente para a anulación da autorización.

5º.- A autorización municipal é intransferible.

6º.- Queda prohibida a venda ou elaboración de calquera tipo de comidas, puidéndose unicamente proceder á venda de bebidas e xeados, non admitíndose tampouco o consumo de comidas aportadas polos usuarios.

7º.- Todas as súas conducións de servizo terán que ser soterradas e o sistema de saneamento garantirá unha eficaz eliminación das augas residuais, así como, a ausencia de malos cheiros. Con este obxecto, as instalacións deberán conectarse á rede de saneamento xeral, se existe,

quedando en todo caso prohibido os sistemas de drenaxe e absorción que poidan afectar á área ou á calidade das augas de baño.

8º.- A instalación será desmontada trascorridos 15 días desde a súa extinción.

9º.- Non se permitirá a execución de obras de fábrica debendo efectuarse a instalación con materiais desmontables de cor branco, madeira ou similares.

10º.- O prazo de vixencia estenderase desde o día 15 maio ata o 30 de setembro de 2015.

11º.- Disporase do correspondente certificado sanitario e do seguro de accidentes para os/as usuarios/as.

12º.- O/A titular e o persoal ás súas ordes deberá exhibir, en calquera momento no que así se solicite por calquera autoridade competente para iso, a correspondente autorización.

13º.- Observarase o previsto no R.d. 2817/83, do 13 de outubro, e na Orde do 31 de marzo de 1976 (BOE do 24 de abril).

14º.- Advírteselle ao interesado/a que no caso de instalación de terraza sen cumprimentación dos requisitos solicitados, procederase por parte da Policía Local ao levantamento inmediato desta, dando lugar, así mesmo, ás accións legais que o concello estime oportunas."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do concelleiro de Medio ambiente, praias, mar e Mancomunidade de concellos do Morrazo, transcrita anteriormente, referente a autorización de licenzas de instalación de quioscos en terreos privados -zona de servidume- durante a tempada de verán-2015.

D) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SUSPENSIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE "SUBMINISTRACIÓN DE 17 FOTOCOPIADORAS E SERVIZO DE MANTEMENTO"

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 18.5.15, referente á suspensión do expediente de contratación de "SUBMINISTRACIÓN DE 17 FOTOCOPIADORAS E SERVIZO DE MANTEMENTO", que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SUSPENSIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE 'SUBMINISTRACIÓN DE 17 FOTOCOPIADORAS E SERVIZO DE MANTEMENTO'

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do día 11.05.2015, polo que se aproba o expediente de licitación para a subministración de 17 fotocopiadoras novas e o servizo de mantemento, en réxime de renting.

Visto que se cursaron as correspondentes invitacións a tres empresas para que achegaran as súas ofertas, atopándose en prazo de presentación de instancias sen que se tivera recibido aínda ningunha proposición, polo que non hai creado ningún dereito a favor destas.

Visto que no día de hoxe se detectaron unha serie de erros no prego de prescricións técnicas (PPT) que fan imposible a continuación da licitación mentres non sexan corrixidos.

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Suspende o expediente de licitación do contrato administrativo de 'Subministración de 17 fotocopiadoras novas e o servizo de mantemento en réxime de renting', e que se proceda a corrixir os erros advertidos no PPT de xeito que a licitación sexa viable.

Segundo.- Notificar ás tres empresas ás que se cursou invitación, que ésta queda anulada.

Terceiro.- Dar traslado deste decreto ao departamento municipal de Apoio Xurídico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente á suspensión do expediente de contratación de "SUBMINISTRACIÓN DE 17 FOTOCOPIADORAS E SERVIZO DE MANTEMENTO".

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente